



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

**PREGO DE CONDICIONS TECNICAS QUE REXERA A
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F.) DO
CONCELLO DE MORAÑA**

1.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do contrato a xestión do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) no Concello de Moraña, mediante procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria.

O programa de axuda no fogar está considerado como un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. Poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato. Considerase como unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios que ten por obxecto a prestación dun conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son **obxectivos** do SAF:

- *Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- *Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- *Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- *Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- *Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- *Retardar ou evitar a institucionalización.
- *Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

2.-CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF tratará de facilitar a permanencia dos/as usuarios/as no seu propio entorno de convivencia e evitando o posible desarraigo.

As prestacións a incluír dentro do S.A.F. son as seguintes:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:

- Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
- Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- Apoio á unidade familiar.
- Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: Refírese ás intervencións técnico - profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

e. Atencións de carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 – Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rúa 1, nº 2 – SANTA LUCIA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de fisioterapia.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo

Os/as **destinatario/as do servizo** serán todas as persoas ou unidades de convivencia do Concello de Moraña.

Todas as actividades serán coordinadas entre a Traballadora social do Concello e a Traballadora social responsable da empresa adxudicataria.

3.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO.

A prestación do Servizo de Axuda no Fogar deberá realizarse de conformidade co disposto por:

- ✓ Lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de Dependencia.
- ✓ Lei 13/2008, de 3 de Decembro dos Servizos Sociais de Galicia.
- ✓ Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG Nº63, de 30 de marzo de 2012).



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

- ✓ Orde do 22/01/09 da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar que regula o Servizo de Axuda do Fogar, en todo o que non se opoña no previsto no Decreto 99/2012.
- ✓ Regulamento vixente dos Servizos Sociais de Axuda no Fogar do Concello de Moraña en todo o que non se opoña ao previsto no decreto 99/2012.

4.- CONTIDO OBLIGACIONAL: DEREITOS E DEBERES DAS PARTES

4.1. DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO

O concello de Moraña ostentará, sen prexuízo doutras que procedan, as potestades seguintes:

- a. Resérvase o dereito de ordenar discrecionalmente os servizos concedidos para implantar as modificacións que aconselle o interese público e, en concreto, a variación da natureza, cantidade, tempo e lugar da prestación do servizo, sen prexuízo das incidencias económicas que diso se deriven.
- b. Impoñer ao adxudicatario, se houbera lugar, as sancións previstas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- c. Verificar e fiscalizar a Xestión da Empresa adxudicataria, a cuxo efecto poderá inspeccionar o Servizo e a documentación relacionada co mesmo, e ditar as ordes oportunas para manter ou restablecer a normal prestación do servizo. A este respecto, a Empresa Adxudicataria virá obrigada a facilitar, cantas veces se requira, o acceso á documentación de todo tipo, laboral económica ou de Seguridade Social,
- d. A relación Entidade-Concello canalizarase a través do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de acordo coas seguintes regras básicas:

➤ **Organización do servizo:** O servizo será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local, cunha cualificación de diplomado/a en traballo social. É competencia a valoración do caso e o deseño de intervención asignando as prestacións que considere oportunas elaborando ao efecto o correspondente informe. Será, así mesmo, competencia a evolución continuada, dos cambios derivados dela, e da conclusión do caso, cos seguintes criterios:

- I. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia,



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 – Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rúa 1, nº 2 – SANTA LUCIA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

- II. Asignado o servizo, o Concello comunicarao por escrito á entidade adjudicataria, indicando as persoas que serán beneficiarias do servizo (altas e baixas),o domicilio e o carácter , periodicidade e horario da prestación a realizar en cada caso ou as modificacións que no seu caso sexa preciso introducir .
- III. O prazo do inicio da prestación, unha vez que a entidade recibe a orde da prestación, será como máximo dunha semana. No caso de altas con carácter urxente, o prazo será como máximo de dous días. Xa iniciado o servizo a empresa adjudicataria comunicará as datas de comezo de cada SAF, que deberán coincidir coas datas que se fagan constar no plan de traballo.
- IV. A entidade adjudicataria asumirá tódalas ordes emitidas polo Concello.

➤ **Funcionamento e coordinación:** Dadas as características da poboación beneficiaria, é indispensable que o servizo se preste nun clima de confianza e seriedade, que vai máis alá da mera execución mecánica da prestación. É preciso que a relación Concello- Entidade sexa fluída e con continuidade, o que supón:

- I. A entidade adjudicataria designará a persoa encargada da coordinación do servizo, que terá que ser un/unha profesional cunha cualificación de diplomado/a en traballo social, comunicando ó Concello o seu nome e teléfono de contacto.



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

- II. persoal da entidade adxudicataria que realice directamente a prestación recibirá as ordes oportunas do órgano de dirección da súa entidade.
- III. A entidade adxudicataria comunicará á maior brevidade posible, calquera incidencia no desenvolvemento da prestación ó Concello, a fin de que este tome as medidas oportunas en cada caso.
- IV. A entidade adxudicataria do servizo velará polo cumprimento eficaz de cada plan de traballo e das tarefas nel previstas, garantindo a substitución do persoal a empreñar que resulte necesaria nos casos de baixas, ausencias, etc.
- V. A entidade adxudicataria do servizo deberá dispor de medios materias e persoais suficientes para a eficaz prestación do servizo, asumindo tódolos custos derivados.

- **Control:** A/o Diplomada/o en Traballo Social , como responsable do SAF, constatará a materialización e calidade dos servizos prestados e poderá conectar coa entidade adxudicataria a fin de recabar información sobre os/as usuarios/as e a marcha xeral do servizo, promovendo para tal fin as reunións pertinentes cos responsables de dita entidade.

4.2. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Ademais das xerais e específicas previstas ao longo do presente prego, terá as seguintes:

- a) A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. O contrato executarase con estrita suxección ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista o órgano de contratación.
- b) O contratista será responsable da calidade técnica das funcións que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- c) A entidade adxudicataria deberá admiti-lo disfrute do servizo a toda persoa ou familia indicada polo Concello.
- d) O persoal da entidade deberá cumprir-las medidas, de seguridade e hixiene establecidas na lexislación vixente, así como manter sempre inescusablemente o segredo profesional. En xeral, deberá realiza-las súas funcións en relación ó usuario/a, de conformidade ás regras de boa fe e dilixencia e garantindo os dereitos recoñecidos ás persoas usuarias no artigo 6º da Orde de 22/01/2009 da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar.



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

- e) A entidade adxudicataria non poderá subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados, previa e preceptiva autorización municipal.
- f) A empresa adxudicataria responderá civil, penal, administrativa e laboralmente dos actos executados na prestación dos Servizos.
- g) De cantas reclamacións ou queixas se formulen pola poboación, a Empresa adxudicataria informará por escrito ó Concello, quen resolverá o que proceda, dando posterior comunicación ó interesado.
- h) En xeral, o contratista responderá de cantas obrigacións lle veñan impostas polo seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulen e desenvolvan a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquel, ou entre os seus subcontratistas e os traballadores de un e outro, sen que poida repercutir contra a Administración municipal ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas, puideran imporlle os organismos competentes. En calquera caso, o contratista, indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigacións aquí consignadas, aínda que iso lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.
- i) Persoal a empregar pola entidade adxudicataria:
 - Un responsable do servizo, Traballador Social, cuxas funcións serán as de manter as axeitadas relacións e coordinación co Departamento Municipal de Servizos Sociais Comunitarios, a fin de lograr unha adecuada implantación e prestación do servizo. Así como as detalladas no artigo 11º da Ordenanza Municipal Reguladora do SAF.
 - Auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar.

O Adxudicatario do servizo obrígase ó incremento ou diminución do persoal necesario para a correcta prestación do servizo, tampouco o persoal a empregar non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de natureza algunha co Concello de Moraña, debendo ter debidamente informado ó seu persoal deste extremo, facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba e respetará o convenio colectivo de Galicia para a actividade de Axuda no Fogar. Así mesmo, o adxudicatario do servizo obrígase a proporcionar ó persoal a empregar formación permanente e axeitada ó eficaz desempeño das tarefas encomendadas.



Teléfono 986 55 30 05 – Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rua 1, nº 2 – SANTA LUCIA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

De igual maneira as persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da mesma Orde anteriormente mencionada, terán as obrigas recollidas no artigo 7º da ordenanza municipal reguladora do SAF.

Moraña, 21 de abril de 2017

A Traballadora social

Ana María Vázquez Castro

